

## ARTES ESCÉNICAS

### OPCIÓN A

**1. O teatro e o seu público no mundo contemporáneo (4 puntos)**

*El teatro y su público en el mundo contemporáneo (4 puntos).*

**2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Incluiranse así mesmo aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).**

*Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“(...) O Tío SAM e O HOME DA GABARDINA, *diante do magnetófono, falando.*

O TÍO SAM: E durmiu! Caralla que se durmiu. Ao Xudeu non lle quitaba o sonó nin a morte dun rexemento, así que moito menos a daquel pobre rapaz. Se cadra porque, segundo dicían, tina demasiadas ao lombo, de cando a guerra. E mesmo de despois, de cando foi da policía. Pódolle falar con franqueza?

O HOME DA GABARDINA: Espero que o faga.

O TÍO SAM: Non lle envexo o choio ese que ten, Johnny.

O HOME DA GABARDINA: (*Sorprendido.*) Cal?

O TÍO SAM: O de escribir para *amol*ar os outros.

O HOME DA GABARDINA: Hainos peores. E non todos estamos neste por iso.

O Tío SAM: Veña! Non me saia agora co conto de que vostede é dos que o fai para facer valer a verdade. Eu podo estar algo tocado do siso, pero aínda sei distinguir entre un cabrón con pintas e un inxenuo. Para vostede a verdade é o de menos. Dimo este (*Signal* a nariz.) que leva comigo toda a vida e aínda non me fallou nunca, así que non se esforce en me convencer do contrario, sería inútil.

O HOME DA GABARDINA: Por que o fai?

O TÍO SAM: O que? Dcir o que penso?

O HOME DA GABARDINA: Non, o que sabe.

O Tío SAM: Refírese ao do tipo ese?

O HOME DA GABARDINA: Si, claro.

O Tío SAM: Aínda non He dixen nada.

O HOME DA GABARDINA: Pero vai facelo, non?

O TÍO SAM: Chameino para iso e cumprirei co acordado.

O HOME DA GABARDINA: Por que?

O Tío SAM: Boa pregunta, si, señor! Non sei, por tantas cousas. Gustaríame poderlle dicir que é por facer algo decente unha vez na vida, pero mentíralle. A vostede e a min mesmo. Ou porque... Creríame se lle dixese que nin eu mesmo o sei? Supoño que por unha catividade calquera. Por facer mal, por lle devolver o desaire que ese cabrón tivo hai dous anos coa Hortensia, por esa muller que mataron aquí onte...

O HOME DA GABARDINA: Antes dixo que morrera.

O Tío SAM: Tamén He dixen que as veces o trabucaba todo. Quere saber por que fago isto, si ou non?

O HOME DA GABARDINA: Si, claro.

O Tío SAM: Polo mesmo ca vostede, por comenencia.

O HOME DA GABARDINA: A min páganme por facer o que fago.

O Tío SAM: A min tamén. A vostede en metálico e a min en especies. Non o esqueza: nome completo, alcume e retrato. O meu e o dela. E todo o pago que quero. (*Amosándolle unha foto feita anacos*) Mire o que fixo ese desgraciado coa súa foto despois de lle prometer publícala. Atopeina aquí mesmo, ao día seguinte. No chan.”

(Fragmento de *Saxo tenor*, de Roberto Vidal Bolaño).

## **ARTES ESCÉNICAS**

### **OPCIÓN B**

**1. O teatro galego dende a Transición democrática ata hoxe. (4 puntos).**

*El teatro gallego desde la Transición democrática hasta la actualidad. (4 puntos).*

**2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Incluiranse así mesmo aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).**

*Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“(…) NORA: (*Ata o sombreiro*) Sabes moi ben que iso non ía durar moito tempo. (*Pasa o chal polos ombros*) Adeus, Torvald. Non quero ver os pequenos. Sei que quedan mellor nas túas mans ca nas miñas. Dada a miña situación, non podoo ser unha nai para eles.

HELMER: Pero algún día, Nora, algún día...

NORA: Como o vou saber? Non sei nin o que vai pasar comigo.

HELMER: Pero ti es a miña esposa, agora e no futuro.

NORA: Escoita, Torvald, cando unha muller marcha da casa do seu home, tal e como eu fago agora, sei que segundo a lei xa non ten compromisos con ela. Neste momento eu libérote de todos os teus compromisos comigo. Non debes sentir que tes unha atadura e eu tampouco a teño contigo. Ambos os dous teremos plena liberdade. Mira, douche o teu anel. Tes de dar-me o meu.

HELMER: Iso tamén.

NORA: Tamén iso.

HELMER: Aquí o tes.

NORA: Así, xa rematou todo. Deixo as chaves aquí. As donceas xa saben que facer con todo o da casa mellor do que eu sei. Maña, cando xa non estea na vila, pasará Kristina e recollerá todas as cousas que trouxen da mina casa. Quero que mas mande.

HELMER: Rematou... rematou. Non vas pensar máis en min, Nora?

NORA: Pensarei moitas veces en ti e nos nenos e nesta casa.

HELMER: Podo escribirche, Nora?

NORA: xamais. Non me podes escribir.

HELMER: Pero podo mandarche... mandarche algo...

NORA: Non, nada.

HELMER: ... para axudarche se che fai falta.

NORA: Dígoche que non. Non pensó aceptar nada de xente estraña.

HELMER: Nora, non vou ser nunca outra cousa ca un estraño para ti?

NORA: (*Colle o bolso*) Pois para iso tería que suceder un milagre.

HELMER: Tes de dicirme cal é ese milagre.

NORA: Ti e mais eu temos que cambiar de xeito que... Non, xa non creo nos milagres.

HELMER: Pero eu quero crer! Se o chamas polo seu nome... Podes facer que cambiemos ti e mais eu de xeito que...

NORA: ... que a nosa convivencia sexa un matrimonio. Adeus.

*Sae polo recibidor.*

HELMER: (*Déixase caer nunha cadeira preto da porta e agocha a cabeza nas mans.* Nora, Nora. Baleiro. Xa non está... (*Parece que ten unha esperanza*). Un milagre?

*Escoitase como pecha a porta da rúa”.*

(Fragmento de *Casa de bonecas*, de Henrik Ibsen).

## ARTES ESCÉNICAS

### OPCIÓN A

1. O teatro renacentista e barroco. (4 puntos).

1. *El teatro renacentista y barroco. (4 puntos).*

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Incluiránse, así mesmo, aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“(...)NORA: Torvald, non dirás todo iso en serio.

HELMER: E logo? Por que non?

NORA: Porque todo iso son cousas sen importancia.

HELMER: Pero que dis? Sen importancia? Pensas que eu non son importante?

NORA: Non, non, ao contrario, querido Torvald, e é xusto por iso...

HELMER: Da igual, dis que as miñas razóns carecen de importancia. Sen importancia. Verás, entón, vou por fin a todo isto. (*Dirixese á entrada e berra*) Lena!

NORA: Que lle queres?

HELMER: (*Busca entre os seus papéis*) Está decidido! (*Entra a doncela*)

HELMER: Mire, colla esta carta. Marche á vila e entréguela a un mensaxeiro. Vaia á presa. O enderezo atoparao na carta. Aquí ten os cartos.

A DONCELA: Si, señor. (*Colle a carta e marcha*)

HELMER: (*Xunta os papeis*) Acouga, miña mulleriña teimuda.

NORA: (*Sen respirar*) Torvald, que carta era esa?

HELMER: A carta de despido de Krogstad.

NORA: Que volva a moza, Torvald! Dígoche que a chames! Aínda estás a tempo. Tes que facelo por min, por ti mesmo, e polos rapaces! Que o fagas, Torvald! Non sabes que desgrazas pode traernos todo isto.

HELMER: Demasiado tarde.

NORA: Si, demasiado tarde!

HELMER: Pódoche perdoar este temor no que vives dende hai un tempo, Nora, aínda que en realidade é unha ofensa para min. Si que o é! Ou non é unha ofensa pensar que eu poida ter medo dun difamador desgraciado coma ese? Pero perdócho de todos os xeitos porque é unha mostra do teu grande amor por min. (*Abrázaa*) Si, así ten que ser, miña queridiña Nora. Vena o que vena, cando fai falta de verdade, eu terei valor e forza para o que sexa. Verás que son home para afrontar todo isto.

NORA: (*Morta de medo*) Que queres dicir con iso?

HELMER: Todo, dígocho, todo...

NORA. (*Con decisión*) Non, xamais terás que facelo.

HELMER: Ben, Nora, entón compartíremolo, como home e muller, así é como debe ser. (*Con aloumiños*) Agora estás máis contenta? Non, non me mires con eses ollos de paxariño asustado. Todo o que che pasa son so imaxinacións túas. E agora vas ensaiar a tarantela e tocar a pandeireta. Vou sentar no despacho e pechar a porta, e podes facer todo o rebumbio que queiras. (*Xira cara a ela na porta*) E cando chegue o doutor Rank, podes dicirlle onde me pode atopar. (*Fai un aceno coa cabeza, colle os seus papeis e pecha a porta do despacho*)

(Fragmento de *Casa de bonecas*, Henrik Ibsen).

## ARTES ESCÉNICAS

### OPCIÓN B

1. A ópera. Características e evolución histórica. (4 puntos).

1. *La ópera. Características y evolución histórica. (4 puntos).*

2. Deseño da posta en escena do texto proposto (dirección de actores/interpretación, iluminación, xestión do espazo, escenografía e atrezzo...). Incluiránse, así mesmo, aspectos relacionados coa posible recepción do espectáculo e o seu público potencial. (6 puntos).

2. *Diseño de la puesta en escena del texto propuesto (dirección de actores/interpretación, iluminación, gestión del espacio, escenografía, atrezzo...). Se incluirán, asimismo, aspectos relacionados con la posible recepción del espectáculo y su público potencial. (6 puntos).*

“(...) O *anano*, A SEÑORA ELEGANTE, O HOME SERIO, CHONCHONIÑA, O TÍO SAM e A SABRINA, *falando*.

GOLIAT: *Mente no da pistola. Xúrollo!*

A SEÑORA ELEGANTE: *Pois mente moi ben.*

O Tío SAM: *Non se deixe enredar, señora. E unha vella maña do oficio. Unha cousa é verse coas mans enzoufadas en sangue, sen querelo, por impedir que un rapaz desarmado se faga cun saxo tenor e outra deixarse empapelar por lle contar a verdade ao xuíz ou a vostedes. A primeira é cousa da conciencia, que se cadra ata ao Xudeu lle remorde, pero a segunda é cousa da lei. E para ela, entre matar un rapaz desarmado ou un armado ata os dentes, a diferenza é notable. El sabe moito diso. Era *da pasma*, antes de ter o accidente que o pousou nesa cadeira de rodas de por vida.*

A SEÑORA ELEGANTE, *sen deixar de escoltar* O TÍO SAM, *vai onda a casa de dona* HORTENSIA, *mirando fixamente para a ventá.*

A SEÑORA ELEGANTE: *Sempre está aí?*

CHONCHONIÑA: *Quen? Miña nai? Si, sempre.*

A SEÑORA ELEGANTE: *É súa nai?*

CHONCHONIÑA: *O que queda dela, señora. Non está ala moi ben da cabeza.*

A SEÑORA ELEGANTE: *Gustaríame coñecela.*

CHONCHONIÑA: *Se é por ver de saber máis cousas, perdería o tempo. Trabúcao todo.*

O HOME SERIO: *Marchamos de aquí, Carme. Isto non ten sentido ningún.*

A SEÑORA ELEGANTE: *Vaite ti, se queres. Eu quedo.*

O TÍO SAM: *A verdade, señora, é que aínda que ela teña visto algo, que vería, non o lembrará ou lembrará de calquera maneira.*

A SEÑORA ELEGANTE: *Tanto me ten.*

O HOME SERIO: *Carme, estas cousas non se fan así. Está a policía hai avogados...*

CHONCHONIÑA: *Quere que a chame, señora?*

A SEÑORA ELEGANTE: *Por favor.*

CHONCHONIÑA: *Mamá! Baixe! Estes señores queren falar con vostede!*

HORTENSIA: *(Dende a ventá.) Vou!*

O HOME SERIO: *Deixa esta loucura e vente para a casa.*

A SEÑORA ELEGANTE: *Tardábache adxectivar, non si?*

O HOME SERIO: *Hoxe é alí onde temos que estar. Aquel é o noso sirio.*

A SEÑORA ELEGANTE: *Eu estou ben onde estou.*

O HOME SERIO: *Se o que queres é chamar a atención, estalo conseguindo. Que cres que pensarán de nos ao non nos ver por alí en toda a noite?*

A SEÑORA ELEGANTE: *Estou libre desas preocupacións. Grazas a ti, de min xa o pensaron todo antes.*

O HOME SERIO: *Déixate de parvadas, esta situación xa é bastante dolorosa para que ti te empeñes en facer que o sexa máis.*

A SEÑORA ELEGANTE: *A que lle tes medo? O HOME SERIO: A que habería de terllo?*

A SEÑORA ELEGANTE: *Ti saberás, Vou falar con esa muller. Podes quedan escoitar o que nos teña que dicir ou irte atender os teus compromisos”.*

(Fragmento de *Saxo tenor*, de Roberto Vidal Bolaño).

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

A proba busca compaxinar os aspectos teóricos e historiográficos coa redacción dun exercicio práctico, xa que non se trataba dun comentario de texto convencional senón de que os alumnos amosasen a súa capacidade para explicar as decisións de posta en escena, de cara a unha hipotética montaxe do fragmento proposto. Trátase de aproximar a proba o máximo posible á orientación eminentemente práctica e creativa da materia. A puntuación máxima será de 4 puntos para a primeira proba e de 6 para a segunda, en función da súa diferente complexidade.

Os criterios de avaliación, en relación co dito, terán que ver co rigor teórico e historiográfico dos contidos, así como coa capacidade de expresión e síntese do alumno. No comentario do texto, valoraranse tamén os aspectos citados, mais o maior interese ficará na análise das súas aptitudes creativas, así como na demostración da asimilación teórica e práctica dos conceptos básicos relacionados coa arte e a técnica da posta en escena.